

CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA 2009

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR

Proba: XI SUBIDA Ó IROITE

Organizador: escudería berberecho

Provincia: A CORUÑA

24 e 25 de OUTUBRO de 2009

1.- PROGRAMA.

Data	Horario	Programa	Lugar
24/09/09	12:00	Apertura de Inscripcións	escudería berberecho Praza Lamas, 22-1º 15200- Noia Tel. e Fax 981.82.20.20 ralinoia@gmail.com
21/10/09	20:00	Peche de Inscripcións	
22/10/09	22:00	Publicación Lista de Inscritos	
24/10/09	17:00 a 21:00	<i>Verificacións Administrativas</i>	Autobús da F.G.A. na explanada do Paseo Marítimo Rúa Poeta Avilés de Taramancos
	17:15 a 17:45	<i>Verificacións Técnicas</i> Grupo Históricos	Paseo Marítimo Zona de Labarta Carpa instalada na rúa fronte á Piscina
	17:45 a 18:45	Grupo X - Grupo P	
	18:45 a 19:45	Grupo N - Grupo A	
	19:45 a 21:30	Grupo CM - Grupo E, CN e C3	
24/10/09	23:00	Hora límite de entrada en Parque	
24-25/10/09	21:30 a 8:30	Parque Pechado Obligatorio	explanada do Paseo Marítimo Rúa Poeta Avilés de Taramancos
24/10/09	23:00	Publicación Lista Autorizados a tomar a saída	explanada do Paseo Marítimo Rúa Poeta Avilés de Taramancos
25/10/09	07:30	Peche de Accesos	
	08:10	Presentación Pilotos Parque Pechado e saída cara á Proba	explanada do Paseo Marítimo Rúa Poeta Avilés de Taramancos
	09:30 a continuación a continuación	Saída entrenos oficiais Saída 1ª Subida Oficial Saída 2ª Subida Oficial	
25/10/09	15:30	Verificacións de Oficio	
25/10/09	17:30	Publicación de resultados	Oficina Permanente da Proba
	18:30	Entrega de Premios	Coliseo Noela

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 22 de Outubro ás 17:00 horas, ata do día 25 de Outubro ás 08:15 horas estará situado na explanada do Paseo Marítimo, e desde as 08:15 horas do día 25 de Outubro ata as 18:00 horas do día 25 de Outubro estará emprazado na oficina Permanente da Proba situada na Saída da Proba.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A **escudería berberecho** organiza a **XI SUBIDA Ó IROITE** que se desenvolverá desde o día 24 de Outubro ó día 25 de Outubro do ano 2009.

Esta proba disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2009, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a todos os Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, ás condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa e de España de Montaña e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día

29/09/2009. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-065-MO.

1.2.- Comité de Organización:

Presidente: D. Mario Pazos González
Vocais: D. José Rial Tubío
D. Antonio Villar Rodríguez

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

escudería berberecho

Plaza de Lamas, 22 - 1º
15200 Noia - A Coruña
Teléfono: 981.82.20.20 Fax: 981.82.20.20
ralinoia@gmail.com

1.3. Oficiais:

Comisarios Deportivos:

Presidente:	D. Antonio Rodríguez Troitiño	GA-0016-OA
	D. Mario Pazos González	GA-0064-OA
	D. Antonio Villar Rodríguez	GA-0033-OA

Observador da F.G. de A.:

D. Manuel Esperón Alonso	GA-0006-OBS
--------------------------	-------------

Director da Carreira:

D.J. Javier Rodríguez Martínez	GA-0514-OA
--------------------------------	------------

Director Adxunto:

D. Francisco Barreiro Caamaño	GA-0003-OA
-------------------------------	------------

Secretaria da Proba:

Dna. Margarita Iglesias Santomé	GA-0988-OA
---------------------------------	------------

Comisarios de Verificacións Administrativas:

Dna. Carmen Baluja Arestioño	GA-0053-OA
Dna. Iria Fernández Pazos	GA-0190-OD.

Comisarios Técnicos:

Xefe:	D. Javier Fernández López	GA-0030-OC
	D. Ignacio J. Davila Estévez	GA-0031-OC

Xefe de Seguridade Vial:

D. José Ferreiro Lorenzo	GA-0065-OA
--------------------------	------------

Relacións cos Participantes:

D. Francisco J. Vázquez Álvarez	GA-0014-OA
---------------------------------	------------

Persoal Parque Pechado:

Xefe:	D. Ricardo Lires Corbal	GA-0051-OB
	D. Jorge Nieto Fernández	GA-1314-OB
	D. César Hernández Díaz	GA-0886-OB

Persoal Parque Traballo:

Xefe:	D. Rodrigo Rey Freire	GA-0049-OB
	D. Alejandro Vázquez Roibas	GA-0998-OD



Relacións coa Prensa:

Dña. María José Róo Mayo

GA-0055-OB

Xefe de Comisarios de Bandeiras:

D. Daniel Mella Blanco

GA-0189-OD

Cronometradores:

Saída D. Manuel Freire Pérez

GA-0994-OB

Saída D. Rafael Ferreño Lorenzo

GA-0993-OB

Chegada D. Esteban Ferreño Suarez

GA-0996-OB

Chegada D. César Ferreño Suárez

GA-0995-OB

Responsable Servicio Comunicacóns:

D. Santiago Creo Batalla

GA-0881-OB

Comisarios de Rota:

D. Antonio Dosil Blanco

GA- 0413-OD

D. José Manuel Sánchez Martínez

GA- 0195-OD

D. Diego Pais Figueiro

GA- 0191-OD

D. Diego Sónora Iglesias

GA- 0515-OD

D. Diego Reibas Figueira

GA- 0193-OD

D. Francisco José Tembra Muñiz

GA- 0194-OD

D. Sergio Rial Dosil

GA- 0067-OD

D. Iván Rial Dosil

GA- 0069-OD

D. David Romero Filgueira

GA- 0414-OD

D. Miguel Villar Barreiro

GA- 0411-OD

D. Adrián Pérez Pérez

GA- 0513-OD

D. Álvaro García Agra

GA- 0883-OD

D. Rubén Freire Romaní

GA- 0884-OD

Dña. Graciela Martínez Amado

GA- 1230-OD

Dña. Vanesa Filgueiras Carballeira

GA- 0885-OD

D. Diego Piñeiro Agrafojo

GA- 0192-OD

D. Laureano Blanco García

GA- 1232-OD

D. Pablo Caamaño Nimo

GA- 1233-OD

D. Juan Manuel Romero Fernández

GA- 1316-OD

D. Daniel Romero Quintáns

GA- 1234-OD

D. José Antonio Ferreirós Calvo

GA- 1228-OD

D. Salvador Manuel Agra Dosil

GA- 1229-OD

Dña. Silvia Fernández Ramos

GA- 1315-OD

D. Paulino Fernández Pérez

GA- 0412-OD

D. Miguel Torres Ínsua

GA- 0416-OD

Dña. Sonia Rodríguez Hermida

GA- 0415-OD

Dña. Alessandra Dosil Vázquez

GA- 0066-OD

D. José Rial Tubío

GA- 0068-OA

D. Manuel María Collazo Maneiro

GA- 0054-OB

Médico da Proba:

D. Antonio Calvo Guerrero

Colexiado nº: 5674

Ambulancias:

Cruz Vermella Española

Agrupacións de Protección Civil:

Boiro

Lousame

Noia

Grúas:

Desguaces Ferreiro

Senra Sport

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

A proba **XI SUBIDA Ó IROITE** é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- CAMPEONATO DE GALICIA DE MONTAÑA
- COPA DE GALICIA DE GRUPO N
- COPA DE GALICIA DE GRUPO A
- COPA DE GALICIA DE GRUPO X
- COPA DE GALICIA DE AUTOMÓBILES HISTÓRICOS DE MONTAÑA (ata 1981)
- COPA DE GALICIA DE GRUPO P
- COPA DE GALICIA DE GRUPO CM1 E CM2
- CAMPEONATO DE GALICIA DE VEHICULOS HISTORICOS
- COPA DE GALICIA DE MONTAÑA PARA ESCUDERÍAS (Grupos N, A e X)

Artigo 3.- Vehículos admitidos.

3.1.- Os vehículos segundo o seu grupo e cilindrada serán agrupados nas seguintes clases:

GRUPO N: Vehículos de Producción.

Clase 1: ata 1.600 c.c.

Clase 2: de máis de 1.601 c.c. a 2.000 c.c.

Clase 3: de máis de 2.001 c.c.

GRUPO A: Vehículos de Turismo.

Clase 4: ata 1.600 c.c.

Clase 5: de máis de 1.601 c.c. a 2.000 c.c.

Clase 6: de máis de 2.001 c.c.

GRUPO C3-CN: (Vehículos Prototipo Junior, Sport Producción, EH, EL

Clase 7: todas as cilindradas

GRUPO P:

Clase 8: Todas as cilindradas

GRUPO ESPECIAL PROTO-VEHÍCULOS ESPECÍFICOS DE COMPETICIÓN: Serán admitidos a participar e puntuar aqueles vehículos que o soliciten á F.G. de A., e que cumpran os requisitos eixidos pola Comisión de Montaña, non admitíndose vehículos dados de baixa (matriculación, seguro, e I. T. V. de rallye vixente e ó día), nin temporal, ni do Plan Prever; agás os “vehículos específicos de competición” os cales están excluídos desta normativa. As medidas de seguridade terán que ser as mesmas que no grupo X, as mesmas que o Grupo A, en materia de seguridade.

Vehículos específicos de competición: Construídos polos fabricantes de vehículos (Fórmulas, barquetas e turismos) con documentación, factura, ou ficha de homologación expedida polo constructor ou pola F. I. A. ó efecto. A mesma suplirá á documentación ordinaria, e segundo a Lei de Circulación vixente non será necesario (matriculación, seguro e I. T. V. de vehículo de Rallye), agás os autorizados pola F.G.A., denominados SCC, con motorización provinte dunha moto, e baixo a normativa de aplicación dictada e publicada pola F.G.A..

GRUPO SCC: Vehículos de produción de serie adecuados á normativa publicada no Anuario da F.G.A., con motor central provinte de motos de ata 1.400 c.c.

Clase 9: cilindradas ata 1.400 c.c.

GRUPO "X":

Clase X-11: ata 1.600 c.c.

Clase X-12: de máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.

Clase X-13: de máis de 2.001 c.c.

GRUPOS CM1, CM2, EM1-EM2.

Clase 14: **(CM1-CM2)**: ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección)

Clase 15: **(EM1-EM2)**: ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección)

HISTÓRICOS:

GRUPO H1:

Clase 16: Grupos provintes dos Grupos 1, 2, 3 e 4 "Anexo J 1981". Todas as cilindradas

GRUPO H2:

Clase 17: Históricos provintes do Grupo 5 "Anexo J 1981". Todas as cilindradas

3.2.- Os Fórmulas monopraza (Grupo E), deberán cumprir a regulamentación dos vehículos de Fórmula Libre (EL), fórmula homologado (EH), e fórmula de motor de moto (EM1 e EM2), da F.G. de A..

Os vehículos do Grupo E, construídos antes do 01/01/1987, que teñan instalada unha rótula UNIBALL nas rótulas de pivotamento, dirección-suspensión (soportamento do porta-mangueta metálico), será obrigatorio como norma de seguridade instalar unha anela coa que (a protección) a bola da rótula non poderá chegar a saír do seu aloxamento, aínda con folgura.

3.3.- A todos os efectos, considérase constituída unha clase coa saída dun so vehículo.

Artigo 4.- Desenvolvemento da proba.

Queda terminantemente prohibido realizar adestramentos fora do horario previsto a este efecto.

Está prohibido ós equipos circular en sentido inverso do treito, baixo pena de exclusión.

Os adestramentos oficiais/libres efectuaranse segundo o COMUNICADO Nº 068/04 (adxunto).

A carreira terá lugar o día 25 de Outubro de 2009 ás 09:30 horas na súa primeira manga de entrenamentos seguida da primeira Subida Oficial e a continuación a segunda Subida Oficial.

Serán admitidos a toma-la saída tódolos participantes que realizaran alomenos unha manga de adestramentos. Os casos particulares serán sometidos ós Comisarios Deportivos.

Os participantes deberán estar presentes no Parque Pechado Pre-saída ás 08:10 horas do día 25 (Domingo) de Outubro de 2009, á disposición do Director da Carreira.

Os pilotos asumen as consecuencias dunha eventual ignorancia de disposicións e variacións de horarios, que se podan dictar á hora anterior ó comezo da carreira. Os participantes quedarán ordenados na fila de saída 10 minutos, como mínimo, antes da súa hora de saída.

O conductor que non se presente á súa hora poderá quedar excluído da proba. A orde de saída será determinada polo Director de Carreira. A saída será dada a vehículo parado, motor en marcha, por medio do procedemento seguinte:

Pantalla Saída Tag-Heuer Mod. HL-920.

Salvo autorización dos Comisarios Deportivos, ningún vehículo poderá toma-la saída fora da orde establecida.

Na saída os coches deberanse colocar da seguinte forma:

Cronometraxe por célula: a parte máis avanzada do vehículo estará a un metro do haz da célula fotoeléctrica.

Cronometraxe manual: Tren dianteiro inmediatamente detrás da liña de saída.

Caso de que un conductor baixo as ordes do Xuíz de Saída non estivera preparado para partir, se lle poderá permitir a saída a condición de que o atraso non pase de trinta segundos. Se o atraso fose superior a 30 segundos, o vehículo será retirado da pista, podendo tomar novamente saída, cando o Xuíz

de Saída o considere oportuno. Todo vehículo que accionara o dispositivo de cronometraxe será considerado como se tomara a saída e non terá dereito a tomala novamente.

A chegada rexistrarase a vehículo lanzado.

Unha vez terminada a última manga oficial, os vehículos quedarán en réxime de Parque Pechado.

Poderán ser sometidos a unha nova verificación para comprobar a exactitude dos datos contidos na solicitude de inscrición, ó remate de cada subida.

A apertura do parque Pechado terá efecto ó terminar o prazo de reclamación (30 minutos despois da publicación provisional dos resultados da proba, se non mediase reclamación algunha).

Artigo 5.- Percorrido.

A proba celebrarase na estrada de:
Moimenta á Base E.V.A. nº 10 no monte Iroite

Saída:	Km 0,000; altitude 265.45 m.
Chegada:	Km 4.630; altitude 504,35 m.
Lonxitude:	4.630 metros
Desnivel:	238,9 metros
Pendente media:	5,16 %
Pendente máxima:	12 %

Os recoñecementos do percorrido feitos á marxe dos adestramentos oficiais, serán de exclusiva responsabilidade dos ocupantes do vehículo, sen que se poida vincular a súa actuación, baixo ningún concepto, coa organización da proba.

Queda estrictamente prohibido realizar marcas sobre sinais de tráfico, fitos, pavimentos, edificacións ou marxes da estrada por parte dos concursantes, participantes e outras persoas relacionadas con eles, no curso dos recoñecementos previos.

Artigo 6.- Sinalizacións.

Tanto durante o transcurso da proba como nos adestramentos, deberanse ater rigorosamente ás indicacións dos oficiais sinaladores, efectuadas coas bandeiras co significado que a continuación se detalla:

Bandeira roxa: Parada inmediata e absoluta.

Bandeira Galega: Sinal de saída.

Bandeira Amarela (Inmóbil): Perigo en xeral, minorar a marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Axitada): Perigo inmediato, minorar a marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Dúas axitadas): Obstrucción moi grave ou total da pista. Prohibido adiantar.

Bandeira Amarela con franxas roxas verticais: Superficie deslízante por aceite, auga, gravilla, etc.

Bandeira Branca: Presencia en pista dun vehículo lento ou un vehículo de servizo "S", ambulancia, etc.

Bandeira Azul: Un concursante intenta adiantar.

Bandeira Negra con cadros brancos: chegada da Carreira.

Artigo 7.- Concurantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2009 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- Solicitude de inscrición-inscricións.

8.1.- Toda persoa que desexa participar na Proba: **XI SUBIDA Ó IROITE** deberá remitir a solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaría da Proba: (indicar dirección completa, nº de teléfono, fax, etc).

escudería berberecho

Plaza de Lamas, 22 - 1º

15200 Noia - A Coruña

Teléfono: 981.82.20.20 Fax: 981.82.20.20

ralinoia@gmail.com

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 21 de OUTUBRO de 2009.

8.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

Artigo 9.- Dereitos de inscrición-Seguros.

9.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

9.1.1.- **260 €** mais I.V.A., aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

9.1.2.- **520 €** mais I.V.A., refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 9.1.1.).

9.2.- A solicitude de inscrición non será aceptada se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

9.3.- Os dereitos de inscrición comprenden o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

9.4.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria **CAIXA GALICIA** sucursal de **Noia** número de conta **2091 0301 92 3040006967**.

4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 10.- Publicidade.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Duas Pegatinas

A DETERMINAR MEDIANTE ANEXO

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reservar os emplacements seguintes:

un espazo de 40 cm x 10 cm en ámbolos dous lados do vehículo, nas aletas dianteiras

5.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA.

Artigo 11.- Hora oficial da Proba.

Durante o transcurso da Proba, a hora oficial será a do cronómetro de Saída.

Artigo 12.- Penalizacións.

As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 13.- Premios.

Os premios en metálico (I.V.A. incluído) e Trofeos que se entregarán serán os seguintes:
(Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G. de A.):

XERAL SCRATCH ABSOLUTA

1º Coroa de Laurel e Trofeo
2º Coroa de Laurel e Trofeo
3º Coroa de Laurel e Trofeo

XERAL SCRATCH NON CARROZADOS

1º 600 €
2º 400 €
3º 250 €
4º 180 €

XERAL SCRATCH CARROZADOS

1º 600 €
2º 400 €
3º 250 €
4º 180 €

XERAL SCRATCH HISTÓRICOS

1º 200 €
2º 150 €
3º 100 €

XERAL SCRATCH COPA FEMININA

1º 200 €
2º 150 €
3º 100 €

POR GRUPOS

GRUPO N

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

GRUPO A

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

GRUPO X

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

GRUPO SCC

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

GRUPO P

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

GRUPO CM1-CM2

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

GRUPO EM1-EM2

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

GRUPO C3-CN-EL-EH

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

HISTÓRICOS PROVINTES Gr. 1, 2, 3 e 4 "Anexo J" 1981

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

HISTÓRICOS PROVINTES Gr. 5 "Anexo J" 1981

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo

ESCUDERÍAS

Trofeo

D. Mario Pazos González, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número GA-0064-OA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo, en Noia a 3 de agosto de 2009.

asdo./D. J. Javier Rodríguez Martínez
Director da Proba
N.I.F.: 76.776.668 T

Entidade: Escudería Berberecho
C.I.F.: G 15143662
asdo./D. Mario Pazos González
Presidente

Selo do Clube.

ANEXO I

RALLYES, MONTAÑA, AUTO-CROSS, KARTING, SLALOM E 4x4 -CONCENTRACIÓNS:

1.- Por acordo Asembleario, votado por unanimidade, é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2009 e seguintes: Unicamente se poderá participar coa Licencia Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Para puntuar nos Campionatos e Copas, que se organicen na Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatorio para concursantes e participantes (Pilotos-Navegantes e Asistencias) estar en posesión das licencias autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Toda proba que se celebre no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, para ser puntuable nos Campionatos, Copas, Fórmulas de Promoción e Monomarcas, en Galicia, deberán admitir obrigatoriamente a participación con licencias autonómicas expedidas pola F.G. de A.; no caso contrario a proba non admitira en ditos Campionatos, e o seu incumprimento implicará a perda de subvencións oficiais pactadas pola F.G. de A.

4.- De existir convenios de aceptación-reciprocidade en materia de participación (non puntuación) con outras Federacións (ámbito de licencia) Autonómicas, Nacionais e Internacionais, teranse en conta excepcionalmente. De forma que se non existise o convenio, unicamente se poderá participar coa Licencia Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

5.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais da Federación Galega de Automobilismo a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á Federación Galega de Automobilismo para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo Galego.

6.- Por acordo Asembleario, de data 13 de decembro de 2008, transcribese literalmente a adopción do acordo vinculante para as escuderías afiliadas a F.G. de A., para a tempada 2009 e sucesivas: En tódalas actividades relacionadas co automobilismo que se desenroren na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan de tipo deportivo, competitivo, lúdicas, de exhibición, paseos de elegancia, de regularidade, puntuables para os Campionatos Galegos, ou non, ou de calquera outro tipo, organizadas por entidades deportivas, escuderías ou persoas físicas, afiliadas á Federación Galega de Automobilismo, non estará permitida a exclusión ou restricción da participación nas mesmas de persoas ou entidades que contén con licencia en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo. O incumprimento do presente acordo poderá dar lugar a responsabilidades disciplinarias, das entidades escuderías, ou persoas responsables de conformidade co art. 87.ñ) dos vixentes estatutos, e terá a consideración de incumprimento de "especial gravidade", con imposición das sancións que procedan polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Automobilismo.

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	24/09/2009	17:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita no autobús da FGA.
2ª	24/09/2009	21:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita no autobús da FGA.
3ª	25/09/2009	9:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita no autobús da FGA.

Comunicado nº 068/04
19 de xuño de 2004

1.- AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓN:

7.54.- Os adestramentos/recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de **tres/cinco pasadas** por treito so penalización de cinco minutos/máis sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos. (Páxina 68 do Anuario 2004).

NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA:

A.-Redúcense os adestramentos/recoñecementos de **cinco pasadas** por treito a **tres pasadas** para Rallyes e de **cinco pasadas** para Montaña.

B.-A primeira infracción será de engadir unha multa de 300 iuros mais unha penalización de cinco minutos ó inicio da proba (Rallye/Montaña).

C.-A segunda infracción, do **punto "B"**: non admitido a tomala saída no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

D.-Por incorrer nunha infracción nos **puntos "B" e "C"**, será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario en su caso.

E.-Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utilizalo treito por outra entidade organizadora.

F.-Só se poderá **adestrar un día**, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye/Montaña), e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días.

G.- A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións/sinais que existan no treito.

H.-Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

I.-Os organizadores designarán un Comisario/Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.

J.-A Federación designará outro Comisario/Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

Q.-Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) **para a súa participación na proba** do equipo infractor.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN
XI SUBIDA Ó IROITE. 24-25 OUTUBRO 2009- escuderíaberberecho
CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA

	CONCURSANTE	CONDUCTOR	ASISTENCIA
NOME			
APELIDO 1º			
APELIDO 2º			
N.I.F.			
ENDEREZO			
LOCALIDADE			
C.P.			
PROVINCIA			
TLFNO. FIXO-MÓVIL			
FAX			
e-MAIL			
LICENCIA	GA - -EC	GA - -E	GA - -AS

VEHÍCULO

MARCA	MODELO	MATRÍCULA	CILINDRADA	GRUPO	CLASE
COMPAÑÍA ASEGURADORA		Nº DE PÓLIZA	PERÍODO DE VALIDEZ		

Calificación do vehículo: O Concurante declara baixo a súa exclusiva responsabilidade que o vehículo debe quedar calificado como antecede

TROFEO OU COPA DE PROMOCIÓN

--

RECOÑECEMENTOS

MARCA	MODELO	MATRÍCULA	RECOÑECEMENTOS		
			DÍA SOLICITADO		

DEREITOS DE INSCRICIÓN: **260 € + I.V.E.** aceptando a publicidade proposta pola Organización, e **520 € + I.V.E.** refusingo dita publicidade, a ingresar na conta nº: **2091 0301 92 3040006967** (CAIXA GALICIA)

IMPRESINDIBLE CUBRIR TODOS OS DATOS DA FOLLA E **MANDALA POR FAX XUNTO CO COMPROBANTE DE INGRESO** Ó FAX Nº 981.82.20.20, OU POR e-MAIL ó ralinoia@gmail.com

En _____, a ____ de _____ de 2009

Asdo./ O Concurante

UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN

Solicitud recibida ás ____ horas do día ____ de _____ de 2009

☐ Teléfono ☐ Persoalmente ☐ Carta ☐ Fax ☐ e-Mail